

Dependencia ARQ.- Arqueoloxía 522.- JLUAN		
Documento	Expediente	Fecha
ARQ13I08V	ARQ/8/2019	07-11-19 12:05

Asunto

INTERVENCIÓN ARQUEOLÓXICA. SONDAXES VALORATIVAS NO PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO EXTERIOR DO CASTELO DE A ROCHA FORTE.

Interesado y Localización de la Actividad

CONCELLO DE SANTIAGO
RUA CHURRUCHAO (DO) SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA)
CASTELO DE A ROCHA FORTE

15078DARQ13I08VJ



EXPEDIENTE: Intervención arqueolóxica mediante sondaxes valorativas no proxecto de acondicionamento exterior do castelo de A Rocha Forte (A Rocha, Santiago de Compostela)

Informe xustificativo da necesidade e idoneidade da contratación

1. Xustificación da contratación

No ano 2002, o arcebispado de Santiago de Compostela cedeu o castelo da Rocha Forte ao concello de Santiago de Compostela, por un período de 50 anos, para o seu estudio, difusión e posta en valor. O castelo ten a categoría legal de Ben de Interese Cultural e atópase recollido no Catálogo de Bens Culturais do PXOM de Santiago de Compostela, con aprobación definitiva do 03/10/2007.

Segundo o estipulado no artigo 3 da *Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia*, o concello ten a obrigaón de protexer, difundir e fomentar o valor do xacemento da Rocha Forte, como parte do seu patrimonio cultural.

En virtude desta obriga legal e de acordo co establecido no artigo 28 da *lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público*, o concello de Santiago debe proceder á contratación dos traballos necesarios para garantir a protección e conservación do castelo da Rocha Forte.

De acordo con isto e despois de 6 campañas de intervención arqueolóxica parcial no castelo de A Rocha, no ano 2013 acometeuse a escavación e restauración de toda a súa superficie intramuros e das dúas liñas defensivas. Fora da segunda muralla, as tarefas realizadas limitáronse á estabilización dos pequenos noiros xerados pola escavación arqueolóxica así

Dependencia ARQ.- Arqueoloxía 522.- JLUAN		
Documento	Expediente	Fecha
ARQ13I08V	ARQ/8/2019	07-11-19 12:05

como ao acondicionamento dos solos que rodean o castelo, moi alterados polo paso de maquinaria de obra e as choivas; estes terreos foron regularizados e, finalmente, sementados con céspede.

Ademais, mediante a redacción do Plan Especial de Protección e Acondicionamento do Parque Arqueolóxico de A Rocha (PE-7R) -aprobado inicialmente con data 21 de novembro de 2013 e definitivamente o 30 de xaneiro de 2015- determínase como obxecto fundamental a protección dos restos arqueolóxicos da antiga fortaleza e o establecemento das bases para o acondicionamento do seu entorno para a creación do futuro Parque Arqueolóxico da Rocha Forte.

No ano 2014 foi redactado e aprobado o proxecto de acondicionamento exterior do castelo que xorde pola necesidade de corrixir unha serie de debilidades que están a reducir en gran medida o potencial de visita ao xacemento así como a súa difusión e posta en valor. O abandono xeneralizado deste espazo está a limitar en gran medida, ademais do acceso, a capacidade de observación e perspectiva xeral dos restos así como a oportunidade de imaxinar a paisaxe orixinal do castelo.

Dentro das debilidades do espazo exterior, ademais do descoñecemento arqueolóxico deste sector da fortaleza, podemos incluír: falta de aparcadoiros para turismos e autobuses; accesos pouco adecuados para peóns; zonas encharcadas que dificultan o acceso peonil; barreiras paisaxísticas do castelo e contorna -vía do tren, casas, estradas, etc.-; elementos etnográficos -camiños, valados, etc.- desvalorizados; vexetación deteriorada e abandono dos cultivos tradicionais.

Para corrixir estas debilidades o *Proxecto de execución de acondicionamento exterior do xacemento do castelo da Rocha* contempla as seguintes intervencións:

- 1) Construción dun aparcadoiro
- 2) Acondicionamento do camiño peonil que une o núcleo da Rocha e o aparcadoiro co castelo.

Dependencia ARQ.- Arqueoloxía 522.- JLUAN		
Documento	Expediente	Fecha
ARQ13I08V	ARQ/8/2019	07-11-19 12:05

- 3) Ordenación da capa vexetal e plantación de novo arboredo tanto nos terreos que circundan o xacemento arqueolóxico como nos espazos atravesados polo camiño peonil e o espazo do aparcamento.
- 4) Tratamento das áreas encharcadas que rodean a fortaleza e instalación dos sistemas de drenaxe oportunos.
- 5) Construción dunha atalaia - miradoiro sobre o castelo e os terreos circundantes.

En definitiva, o que se pretende é a utilización da fortaleza da Rocha como recurso expositivo, para contribuír á diversificación e ampliación da oferta de percorridos e visitas en Santiago. Diminuíndo o proceso dos últimos anos en que a oferta de visitas ao patrimonio cultural compostelá estase a centrar, case exclusivamente, nas rúas e monumentos da cidade histórica, o que está a provocar importantes problemas de conxestión e presión turística.

Neste proceso de revalorización do xacemento proxéctase, de forma previa á obra, a realización da investigación arqueolóxica do espazo exterior mediante sondaxes valorativas. Desta forma, aparte de mitigar a posible afectación das obras previstas, facilitarase a interpretación xeoambiental e arqueolóxica da fortaleza, mellorando as posibilidades de investigación, exposición e revalorización.

2. Unidade responsable do seguimento e supervisión da contratación

Centro xestor propoñente: 048

Persoa responsable do seguimento: Javier Luaces Anca, arqueólogo municipal (Sección Municipal de Arqueoloxía. Oficina da Cidade Histórica e Rehabilitación. Concellaría de urbanismo, vivenda, cidade histórica e acción cultural).

3. Obxecto do contrato

O presente contrato ten como obxectivo básico a investigación arqueolóxica do espazo exterior do castelo mediante a realización de sondaxes valorativas. Desta forma, ademais de mitigar a posible afectación das obras previstas para o acondicionamento deste espazo,

Dependencia ARQ.- Arqueoloxía 522.- JLUAN		
Documento	Expediente	Fecha
ARQ13I08V	ARQ/8/2019	07-11-19 12:05

facilitarase a interpretación arqueolóxica do xacemento, mellorando as posibilidades de investigación, exposición e revalorización.

4. Procedemento de licitación

A licitación do contrato resolverase con procedemento aberto simplificado.

5. División por lotes

Tendo en conta as características dos traballos arqueolóxicos obxecto deste contrato e de acordo co establecido na normativa legal que regula a actividade arqueolóxica en Galicia, non é posible dividir o obxecto do contrato en lotes.

O artigo 95 da *Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia* cualifica como "actividade arqueolóxica" as *labores de protección, acondicionamento, conservación, consolidación e restauración arqueolóxica, entendidas como as intervencións en xacementos arqueolóxicos encamiñadas a favorecer a súa conservación e preservación e que, en consecuencia, permitan o seu disfrute e acceso público e faciliten a súa comprensión e uso social.*

Para a execución destas labores é preciso contar coa autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia; esta autorización requirirá, entre outros requisitos establecidos no artigo 96 da *Lei 5/2016*, a presentación dun proxecto que conteña un programa detallado e coherente e que avale a idoneidade técnica do arqueólogo que asuma a dirección.

O arqueólogo titular da autorización para a execución da intervención arqueolóxica deberá asumir persoalmente a dirección dos traballos, sendo responsable dos danos e prexuízos que puideran resultar da execución da actividade arqueolóxica e das demais condicións establecidas no artigo 97 da citada lei.

Tendo en conta estas prescricións legais, a división en lotes do obxecto do contrato non só dificulta a correcta realización dos traballos arqueolóxicos senón que, ademais, imposibilita a

<i>Dependencia</i> ARQ.- Arqueoloxía 522.- JLUAN		
<i>Documento</i> ARQ13I08V	<i>Expediente</i> ARQ/8/2019	<i>Fecha</i> 07-11-19 12:05

coherencia do proxecto arqueolóxico e dilúe as responsabilidades atribuídas ao arqueólogo director pola lei de patrimonio galega.

6. Necesidades que se pretenden cubrir

Como xa se detallou no primeiro apartado do informe, os traballos arqueolóxicos asociados ao proxecto de acondicionamento exterior do castelo resultan imprescindibles para a conservación e divulgación das estruturas que o conforman.

En virtude do establecido no artigo 3 da *Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia*, o concello de Santiago de Compostela é responsable da protección do xacemento.

A necesidade de contar co persoal cualificado para a realización dos traballos así como a necesidade de utilizar recursos, materiais e produtos especializados propios da arqueoloxía exceden a dispoñibilidade do Concello de Santiago de Compostela, polo que resulta imprescindible a contratación da intervención.

No ámbito obxecto da intervención (espazo exterior do castelo), deberanse realizar os seguintes traballos:

1. Unha escavación arqueolóxica mediante sondaxes valorativas, distribuídas de forma que quede suficientemente avaliado o terreo no que se desenvolve o proxecto de acondicionamento exterior do castelo. A superficie mínima a escavar será de 108 m², chegando ata cotas nas que se atopen restos arqueolóxicos ou ben ata substrato natural. Na zona do aparcadoiro deberanse escavar 45 m² (corenta e cinco metros cadrados). Ademais, unha das sondaxes de 9 m² (nove metros cadrados) será realizada na zona de localización da torre miradoiro especificada no proxecto de obra (ver anexo 1). No resto da superficie, a localización das sondaxes, decidírase previamente á redacción do proxecto arqueolóxico en consenso coa Sección municipal de Arqueoloxía e tendo en conta os resultados da prospección xeofísica. En calquera caso o resto da superficie de escavación arqueolóxica (exceptuando o

Dependencia ARQ.- Arqueoloxía 522.- JLUAN		
Documento	Expediente	Fecha
ARQ13I08V	ARQ/8/2019	07-11-19 12:05

aparcadoiro e a zona do miradoiro) será de, cando menos, 54 m² (cincuenta e catro metros cadrados). En todo caso a actuación proposta, previamente á autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, deberá contar coa conformidade da Sección municipal de arqueoloxía.

A distribución das áreas de escavación poderá modificarse en función dos resultados preliminares sen que iso supoña o aumento da superficie final previo consenso coa Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e a Sección municipal de arqueoloxía.

O contrato inclúe a redacción do proxecto, do informe valorativo e da memoria técnica, estipulados na *Lei 5/2016, do 4 de maio do patrimonio cultural de Galicia* e no *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade e arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia* así como dos informes puntuais de incidencias que poderán realizarse por iniciativa do/a director/a da actuación arqueolóxica ou ben podería ser solicitado por parte da Sección Municipal de Arqueoloxía do Concello de Santiago ou pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

7. Clasificación do contratista e solvencia técnica

En cumprimento da *Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia*, os traballos de sondaxes valorativas no espazo exterior do castelo, como calquera outra actuación nun xacemento arqueolóxico, so se pode realizar ao abeiro dun proxecto arqueolóxico específico e baixo a dirección dun técnico arqueólogo.

Así pois, a intervención deberá ser realizada baixo a **dirección de un/unha (1) arqueólogo/a**, de acordo cos requisitos establecidos no artigo 5º do *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade e arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia*. A titulación requirida para a realización dos traballos é a seguinte:

- Licenciatura en Filosofía e letras, con estudos en prehistoria e arqueoloxía.
- Licenciatura en xeografía e historia (sección de historia, especialidade de prehistoria e arqueoloxía).

Dependencia ARQ.- Arqueoloxía 522.- JLUAN		
Documento	Expediente	Fecha
ARQ13108V	ARQ/8/2019	07-11-19 12:05

- Licenciatura en historia ou equivalente, con especialidade en arqueoloxía e prehistoria.
- Grao en historia con itinerario de arqueoloxía.

Ademais, independentemente doutro persoal a incluír no equipo de traballo, deberase contar, obrigatoriamente con:

- ✓ Unha/un (1) arqueóloga/o técnico especialista coa mesma titulación requirida ao arqueólogo director.
- ✓ Catro (4) auxiliares de arqueoloxía.

As ofertas deberán conter os datos precisos sobre o equipo responsable da intervención. Ademais da titulación académica sinalada máis arriba, no caso do arqueólogo/a responsable da intervención, esíxese unha experiencia mínima de **10 escavacións** arqueolóxicas incluídas sondaxes e escavacións en área (cun tempo de execución superior a 10 días laborables para cada unha desas intervencións) en calidade de director/a dos traballos.

Será necesario incluír na proposta o listado dos membros do equipo, sinalando a súa cualificación e experiencia en escavacións arqueolóxicas. No caso do arqueólogo/a técnico especialista, esíxese unha experiencia mínima de **7 escavacións** arqueolóxicas incluídas sondaxes e escavacións en área (cun tempo de execución superior a 10 días laborables para cada unha desas intervencións) na mesma ou superior categoría. No caso dos auxiliares de arqueoloxía esíxese unha experiencia mínima de **3 escavacións** arqueolóxicas incluídas sondaxes e escavacións en área (cun tempo de execución superior a 10 días laborables para cada unha desas intervencións) na mesma ou superior categoría.

Para a acreditación dos méritos deberase achegar a documentación necesaria que permita verificar a solvencia e experiencia profesional esixida no prego.

Por último, deberase presentar relación detallada dos medios materiais dispoñibles para a execución deste contrato.

<i>Dependencia</i> ARQ.- Arqueoloxía 522.- JLUAN		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
ARQ13108V	ARQ/8/2019	07-11-19 12:05



8. Nomenclatura

A nomenclatura será sinalada no Prego de cláusulas administrativas particulares.

9. Valor estimado del contrato

O custo estimado do contrato é de 30.197,00 € (con IVE).

10. Partida orzamentaria

Nº Aplicación orzamentaria: 030 33600 60900 / 2017 2 EDUSI 13 2

Esta actuación forma parte da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado do Concello de Santiago (EDUSI Santiago) cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020.

11. Tipo máximo de licitación para contrato

Tipo Base	24.956,20 €
21% IVE.....	5.240,80 €
Total.....	30.197,00 €

12. Prazos de execución máximos

Os prazos de execución son os detallados no prego técnico que acompaña á contratación. En calquera caso, os traballos deberán estar rematados, como máximo, no mes de xuño de 2020 (tendo que considerar os tempos de tramitación do contrato, a autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, razóns meteorolóxicas, etc.).

13. Aboamentos á empresa contratista

A facturación e pagamento dos traballos arqueolóxicos realizarase en 3 prazos, de acordo co establecido no estudio económico e no prego de condicións técnicas. Estes prazos son os seguintes:


Dependencia ARQ.- Arqueoloxía 522.- JLUAN		
Documento	Expediente	Fecha
ARQ13I08V	ARQ/8/2019	07-11-19 12:05

- realizarase o **primeiro pagamento**, por un importe correspondente ao 20% do orzamento contratado, unha vez redactado, entregado e conformado (pola Sección Municipal de Arqueoloxía) o proxecto arqueolóxico.
- realizarase un **segundo pagamento**, por un importe correspondente ao 40% do orzamento contratado, unha vez rematado o traballo de campo.
- realizarase o **terceiro e último pagamento**, por un importe correspondente ao 40% do orzamento contratado, unha vez presentada a Memoria técnica co resultado final nas condicións e prazos estipulados no Prego de prescricións técnicas.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019

O Arqueólogo Municipal

Javier Luaces Anca



Concelleira Delegada de Urbanismo,
Vivenda, Cidade Histórica e Acción Cultural

Mercedes Rosón Ferreiro

